



Obxectivo: máis calidade de vida

Carmen María Fernández e César López son propietarios, xunto á nai deste, Ángeles Queipo, de Ganadería Ance SC e robotizaron o muxido da súa granxa hai pouco máis dun ano na busca de mellorar a súa calidade de vida.

Ademais de cambiar a sala que tiñan polo robot, apostaron por traballar cos colares CowScout e co sensor de células somáticas M6850 para o seu óptimo control de calidade de leite.

Viaxamos ata Tineo (Asturias) para que nos contasen a súa experiencia co DairyRobot R9500 de GEA e falamos tamén con Susana Casado, a súa veterinaria de calidade de leite, e con Ana de Anta, *herd manager* de GEA en Asturias.





Nome da explotación: Ganadería Ance SC
Localización: Tineo (Asturias)
Animais en total: 105
Vacas en produción: 60
Media de produción: 34 litros/vaca/día
Media de número de muxidos: 3,1
Porcentaxe de graxa: 3,80 %
Porcentaxe de proteína: 3,33 %
RCS: 109.000 cél./ml

Por que decidiu pasarse ao robot?

Muxiamos nunha sala de espiña de peixe 6x2. Era de recente adquisición, tiña 4 ou 5 anos, pero decidimos dar o cambio ao robot e aquí estamos.

Nunca tiveramos obreiros e a idea era buscar máis calidade de vida. Pareceunos a mellor solución.

Instalámolo o ano pasado en setembro e en outubro xa estabamos muxindo.

Por que elixiu GEA?

A verdade é que non miramos máis marcas, confiamos moito en GEA porque é líder mundial en salas de muxido e rotativas e seguramente o será tamén para muxidos robotizados nun futuro.

Ten algún equipamento máis de GEA?

Temos os colares CowScout para a detección de celo e do momento óptimo de inseminación e, aínda que só levamos un ano, a melloría foi notable. Ademais, contamos co tanque de refrixeración de leite, que está totalmente automatizado co robot e un cepillo rascador.

Que características deste modelo lle gustaron máis?

Fun ver varios instalados en diferentes granxas e gustáronme moito o acceso ao ubre da vaca grazas ao foso e a separación por cuartos. Isto parécese fundamental para o control óptimo do reconto de células somáticas.

Como planificaron o proceso de instalación do robot?

A verdade é que foi moi sinxelo. A sala estaba xusto no outro lado da nave e, como buscamos máis amplitude e máis luz para o gando,



ANA DE ANTA
Herd manager de GEA Farm
Technologies en Asturias

“A maior parte, pasados uns meses, di que non volvería atrás”

Que características destaca do robot GEA instalado en Ganadería Ance SC?

Este modelo instalouse en cabeceira, para ter toda a central de muxido xunta, preto do tanque, e que non houbera distancias entre liñas de leite e liñas de baleiro.

Incorporouse unha porta de preselección, así só os animais que teñen dereito a muxirse poden entrar, mentres que os outros teñen libre circulación de movementos ao comedero, e tamén se fixo unha pequena área de postselección para algún animal enfermo que non tivese que facer uns desprazamentos maiores.

Ademais, contan con sensor de células somáticas para o reconto diario e o diagnóstico temperán de mamites, algo que en GEA priorizamos moito. Ter problemas de células somáticas non é un tema que se deba obviar nin tratar de normalizar.

César López:

“Confiamos moito en GEA porque é líder mundial en salas e seguramente, no futuro, o será tamén para muxidos robotizados”

instalámolo nestoutro lado. A obra non interferiu para nada nos animais e a adaptación das vacas foi moi sinxela.

Como lembra o proceso de cambio?

Como tiñamos a sala de muxido dispoñible, deixámoas un mes comendo penso no robot e, cando vimos que estaban listas, que entraban moi ben, decidimos empezar a muxir en dous días, a metade un día e a outra metade ao día seguinte. Desde ese momento xa empezamos co muxido.

Lémbroo con moita ilusión, porque tiñamos moitas ganas de empezar a muxir nel. Estabamos concienciados de que o inicio ía ser un mes duro, pero a verdade é que foi moi ben.

Os animais están moito máis tranquilos que antes e a adaptación sorprendeunos bastante. Criamos que ía ser moi duro tanto para nós como para elas e creo que para as vacas foi comodísimo, pois entraron moi ben.

De cara ao futuro, pensa en crecer?

De momento non, mellorar xeneticamente para sacar a máxima rendibilidade posible para o número de animais que temos e logo, como teño fillos, se algún quere quedar na granxa pois haberá que pensar en aumentar, pero de momento a situación é complicada e hai que ir amodo.

Por que recomendaría o DairyRobot R9500 para este tipo de granxas?

Este robot eu recomendaríao en explotacións como esta, familiares, de 60 vacas, porque permite facer tres muxidos e levar todos aqueles animais que estean a arrincar a lactación a un nivel máis alto en produción de leite. No muxido convencional, sen empregados, poder chegar aos tres muxidos para este tipo de explotacións sería complicado. Por outra banda, flexibiliza un pouco o horario que teñen os gandeiros. A maior parte, pasados uns meses, di que non volvería atrás. Tamén pode ser unha boa ferramenta en explotacións industriais nas que se instalan 6-8 robots.

En que consiste o seu asesoramento?

O meu asesoramento normalmente comeza cando xa se vai montar o robot. Sempre traslado recomendacións en canto aos animais, como que as vacas entren ao robot coas patas e os rabos ben arranxados ou os ubres pelados, e tamén en canto a manexo. Imos describindo a dinámica do arranque do robot para que sexa máis fácil para eles e, logo, estamos con eles na posta en marcha, para asesoralos en como organizar os grupos de muxido, o programa DairyPlan e todo o apoio inicial que eles necesiten.

DAIRYMILK M6850, ÚNICO EN ANÁLISES PARA CADA CUARTO

O sensor de reconto de células somáticas GEA DairyMilk M6850 é o primeiro sistema do mundo en avaliar os cuartos do ubre de maneira individual durante o muxido. É fácil de instalar e pódese adaptar aos sistemas de muxido automático de GEA en calquera momento.



SUSANA CASADO
Veterinaria de calidade de leite
no Centro Veterinario de Tineo

“Non hai erro. Tes unha alarma e o problema está nese cuarteirón que che di o robot”

Nesta explotación tentaron solucionar algún problema concreto?

Aquí, se mal non recordo, a experiencia foi moi boa, desde o principio as vacas adaptáronse moi ben e nunca houbo máis mamites, ao contrario.

Neste caso, máis que para solucionar problemas valeunos para verificar que estaba indo todo ben.

Que tipo de datos adoitan ser indicativos de problemas e como os detecta?

Cando veño á granxa busco primeiro os datos de control leiteiro e a historia que teño das vacas con anterioridade. Sacamos o informe das células e vemos se tiveron problemas ou non.

No ordenador teñen instalados varios accesos directos a informes de células de todas as vacas que ofrece o M6850. Entramos neles e dunha ollada podemos ver as vacas que nalgún momento tiveron algunha alarma nalgún teto. Temos datos de todos os muxidos.

É moi visual, xeralmente pasamos a listaxe e adoitan estar limpas. Hai informes do día e tamén do último mes máis ou menos, podes comprobar que todo ese tempo estiveron sas.

Que resultados obtiveron?

Non hai erro. Tes unha alarma, dinche que nunca lle notaron nada a esa vaca, vas a ela, comprobas e o problema está efectivamente nese cuarteirón que che di o robot. Sabes que cuarto tes que tratar e tes a vaca xa identificada.

A anticipación é real. Detectas mamites clínicas e mamites subclínicas que igual nunha sala de muxido ou doutra forma non ías atopar. Co robot e o sensor non só te adiantas senón que hai mamites que se cadra non se ían desenvolver como clínicas e ti si as atopaches.

Neste robot en concreto miras os tetos e é que están perfectos, está feito para muxir, para que non moleste as vacas.

Ademais, nesta granxa son moi bos gandeiros. Creo que lles permite dedicar moito máis tempo a repasar as camas e as vacas están impecables. Atópome as puntas dos tetos, ademais de sas, moito máis limpas. O robot fai moi ben o seu traballo, tanto en limpar como en muxir, e logo eles fano moi ben, porque teñen as vacas perfectas. Xuntouse todo.

- ✓ Reconto de células somáticas en tempo real de cada teto en cada muxido
- ✓ O sistema funciona mecanicamente e non implica practicamente ningún custo operativo
- ✓ A taxa de erro é extremadamente baixa, pois tamén se miden o fluxo de leite e a condutividade co Lactoflow
- ✓ Está dispoñible para DairyRobot R9500 ou DairyProQ

César López: “Enseguida sabes que vaca está dando problemas, de que teto proveñen e tomas solucións rápidas”

Cando instalou o sensor de células somáticas?

O sensor veu xa co robot, pois criamos que era fundamental para o control das células e foi moi ben desde o principio. Creo que melloramos bastante da sala ao robot, pois sempre tes dúbidas a ver se o robot pode dar algún problema máis e foi todo o contrario. Aos dous meses a melloría foi notable respecto da sala.

Por que creu que era unha ferramenta necesaria?

En canto ves que tes un incremento de células, vas ao ordenador, enseguida sabes que vaca está dando problemas, ves de que teto proveñen e tomas solucións rápidas, que sempre é o importante. Vas por diante. Se houbese problemas podería atallalos antes e tomar as solucións máis a tempo.